

Lusocuria: palabras que doen e palabras que libertan

O Figurante Edicións presenta esta rompedora obra de Verónica Martínez Delgado que navega polos terreos do amor e do sexo.

Por GC Tendencias | Galicia | 13/11/2012

Lusocuria

Verónica Martínez Delgado

O Figurante Edicións

Verónica Martínez Delgado (Valdoviño, 1976) é autora de diversas obras premiadas e publicou, en poesía e narrativa breve: *Mañá, se cadra non será un día máis* (VII Concurso de relatos breves Repsol 1994), *Había tantos homes lilas* (I Premio de Poesía Francisco Fernández del Riego 1996), *Deshabitada e sen verdugo* (I Premio de Poesía Francisco Fernández del Riego 1997), *Desterrada do meu corpo* (I Premio de Poesía Letras de Cal 2001 e Premio do Concurso de Poesía Xoven de Alzira 2000), *Cara a un solpor de gatos* (III Edición do Premio de Poesía Afonso Eanes do Cotón 2004); en ensaio: *X. M. Tomé. Antoloxía artística*, *Breves notas sobre a historia da arte aplicadas á intervención sociocomunitaria*, *I Encontro Internacional de Arte e Natureza* e *A intervención didáctica nos DEAC*.

Conta con colaboracións en diversas obras colectivas: *O ladrón de almas* (Mención de honra no certame de poesía GZcrea 2006 recollido en *Isto é un poema e hai xente detrás*), *En defensa do Poleiro. A voz de escritores galegos en Celanova*, *Somni de paper*, *Catro Contos*, *Sempre Mar*, *A cidade na poesía galega do século XXI*; *Letras Novas*, *Vivir un soño repetido*, *Antoloxía de poesía galega en Madrid*, além de participar en numerosas publicacións periódicas como *Madrygal*, *Dorna*, *Ólissos*, *A festa da palabra silenciada*, *Arraianos...* e en numerosos recitais e conferencias, sempre relacionados coa poesía e a literatura galegas.

Lusocuria

Hai palabras que doen e hai palabras que libertan. Un *work in progress* en que Verónica Martínez Delgado deita unha impresión que evolúe en canto camiña, nun senfín de reflexións íntimas baixo unha realidade en transformación, que muda se a percepción, vítima dos acontecementos, descobre novos camiños. Un libro sempre inacabado, apreixado pola forza e a intensidade do amor e do sexo, como expresión máxima do primeiro.

Distribúe: Consorcio Editorial Galego SA

Pedidos da obra: <http://shop.ofigurante.eu/pt/38-lusocuria-9788415164753.html>